

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

##### **CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Corrección de erros.-Resolución do 3 de agosto de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pola que se publican as puntuacións definitivas da fase de concurso.*

Advertido erro no anexo da devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 163, do 25 de agosto, cómpre facer a seguinte corrección:

Na puntuación do funcionario Folgar Hervés, Santiago, no punto II.2.1.a).1, onde di: «18,24»; debe dicir: «10,88», e no total onde di: «32,24»; debe dicir: «24,88».

##### **CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE**

*Anuncio de resolución da convocatoria para a provisión, por concurso, de postos de traballo neste centro.*

Ao abeiro do disposto na disposición adicional segunda do Decreto 360/1998, do 4 de decembro, anúnciase que o director xeral do CIXTEC ditou Resolución do 26 de xullo de 2005, pola que se resolve definitivamente a convocatoria do concurso de traslados 2/2005, para a provisión de postos de traballo neste centro. A asignación das prazas da dita convocatoria está á disposición dos interesados nas dependencias do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), sito na rúa Domingo Fontán, nº 9, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2005.

Gonzalo Gómez Montaña

Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

##### **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Anuncio polo que se procede a darlle publicidade á Resolución do 11 de xullo de 2005, da Dirección de Área Sanitaria de Ferrol, pola que se convoca unha oferta de selección temporal de dous facultativos especialistas en cirurxía xeral e aparello dixestivo e un facultativo especialista en uroloxía.*

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de*

*Galicia*, nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos e da Dirección Provincial do Sergas na Coruña.

A solicitude poderá presentarse no prazo de 10 días desde o seguinte ao desta publicación.

Ferrol, 11 de xullo de 2005.

Juan José Fernández Ramos  
Director de Área Sanitaria de Ferrol

#### **VI. ANUNCIOS**

##### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

##### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Resolución do 8 de agosto de 2005, do Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación -trámite de urxencia- para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras de acondicionamento da estrada PO-226 (antiga EP-0501). Moraña-Porrás. Clave: PO/01/096.01, nos termos municipais de Moraña e Barro.*

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

As obras citadas no encabezamento desta resolución atópanse incluídas no programa de obras que se van realizar con cargo ao programa 413-B, construción, conservación e explotación de estradas.

Con data do 1 de xuño de 2004, o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o proxecto de trazado: acondicionamento da estrada PO-226 (antiga EP 0501). Treito: Moraña, Porrás. Clave: PO/01/096.01, nos termos municipais de Moraña e Barro.

Con data do 7 de outubro de 2004, a Xunta de Galicia procedeu a declarar de utilidade pública e urxente a ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación para a mencionada obra polo Decreto 258/2004, publicado no DOG nº 221, do 12 de novembro.

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto no artigo 52 da vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e os artigos 56 e seguin-